

Guías pedagógicas para profesores

Aula da Seguridade Social



GOBIERNO DE ESPAÑA	GOBERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL	MINISTERIO DE EMPREGO E SEGURIDADE SOCIAL
SECRETARÍA DE ESTADO DE LA SEGURAD SOCIAL	SECRETARÍA DE ESTADO DA SEGURIDADE SOCIAL

Índice

Índice.....	2
1 Que é o sistema da Seguridade Social? Como se organiza?.....	4
1.1 Unidades afectadas.....	4
1.2 Reflexións previas	4
1.3 Exposición do profesor	4
1.4 Actividades.....	5
2 Como protexe a Seguridade Social aos cidadáns?.....	7
2.1 Unidades afectadas.....	7
2.2 Reflexións previas	7
2.3 Exposición do profesor	7
2.3.1 Pensións	7
2.3.2 Subsidios.....	8
2.3.3 Indemnizacións	9
2.3.4 Prestacións por desemprego	9
2.4 Actividades.....	9
3 Hai cidadáns que se atopan sen protección?.....	11
3.1 Unidades afectadas.....	11
3.2 Reflexións previas	11
3.3 Exposición do profesor	11
3.3.1 Prestacións sanitarias.....	12
3.3.2 Pensións non contributivas	12
3.3.3 Subsidio especial por maternidade.....	13
3.3.4 Protección familiar.....	13
3.3.5 Nivel asistencial da protección por desemprego	13
3.3.6 Servizos Sociais.....	13
3.4 Actividades.....	13
4 Que tipo de relación se establece entre a Seguridade Social e os cidadáns?.....	16
4.1 Unidades afectadas.....	16
4.2 Reflexións previas	16
4.3 Exposición do profesor	16
4.3.1 Réxime xeral	19
4.3.2 Réximes especiais	20

4.4	Actividades.....	20
5	Como obtén a Seguridade Social o diñeiro para ofrecer e proporcionar a súa axuda?	23
5.1	Unidades afectadas.....	23
5.2	Reflexións previas	23
5.3	Exposición do profesor	23
5.3.1	Ingresos da Seguridade Social	23
5.3.2	Cotización vs. Prestación.....	24
5.3.3	Orzamento	26
5.4	Actividades.....	27
6	Que medios de relación co cidadán ten a Seguridade Social?	29
6.1	Unidades afectadas.....	29
6.2	Reflexións previas	29
6.3	Exposición do profesor	29
6.3.1	Atención telemática.....	29
6.3.2	Atención telefónica.....	30
6.3.3	Atención presencial.....	31
6.4	Actividades.....	32

1 Que é o sistema da Seguridade Social? Como se organiza?

1.1 Unidades afectadas

Unidade 0. Conceptos xerais. Principios e directrices do sistema da Seguridade Social.

Unidade 1. O sistema Español da Seguridade Social

1.2 Reflexións previas

- Que oíches dicir sobre a Seguridade Social?
- Que cres que é?
- Para que serve?

1.3 Exposición do profesor

Todos os cidadáns, para vivir dignamente, teñen que traballar a cambio dun salario, pero a realidade móstranos que non sempre é posible.

Así, pode ocorrer que o traballador cese no traballo cando alcanza a idade de xubilación, teña reducida ou anulada a súa capacidade laboral de forma definitiva, faleza ou perda o seu posto de traballo por despido. Tampouco pode traballar cando está enfermo, ten un accidente ou goza dos períodos de descanso por maternidade, paternidade, adopción ou acollemento.

Estas situacións provocan, nas persoas que as sofren, un exceso de gastos ou unha diminución de ingresos, que poden afectar ás súas necesidades básicas (alimentos, vivenda, vestido, asistencia médica, etc.)

Por iso, o Estado, a través da Seguridade Social, garante ás persoas unha protección adecuada en determinadas situacións e nas condicións legalmente establecidas.

O sistema de protección do que estamos a falar coñécese como **SEGURIDADE SOCIAL**.

De onde obtén a Seguridade Social os recursos necesarios para protexer a todos os cidadáns cando o necesitan?

Basicamente das cotizacións que realizan os traballadores e empresarios á Seguridade Social. As empresas nas que as persoas traballan reteñen unha pequena parte do soldo destas, para darllo á Seguridade Social, as cotizacións.

Tamén se financia dos impostos que pagan todos os cidadáns do Estado.

Como foi conseguindo cada traballador o dereito a gozar desa protección?

A través das cotizacións realizadas durante toda a súa vida laboral, polo empresario e o traballador, xa que existe a obriga de cotizar dende o momento en que se inicia un traballo.

Todos podemos adquirir este derecho?

Todas as persoas poden conseguilo porque teñen dereito a traballar, pero é necesario que se cumpran, ademais, os requisitos esixidos en cada situación.

Para garantir este dereito, necesítase da solidariedade duns para outros, especialmente cos máis necesitados de protección, aínda que sexan de distintas idades ou de diferentes lugares. Os dereitos son os mesmos para todos.

Pode verse que o sistema da **Seguridade Social** se apoia na **solidariedade** e na **igualdade de dereitos** porque o que se obtén polas cotizacións en todo o país serve para axudar a todos os españois e nacionais doutros países residentes en España.

1.4 Actividades

- Elaboración de listas: cousas necesarias para vivir, formas de conseguir esas cousas, obstáculos ou dificultades que se nos poden presentar para conseguilas (situacións de necesidade) e solucións que se nos ocorren.
Os alumnos deberán chegar á conclusión de que é necesario un sistema protector.
- Ideación e descrición: **como debería ser ese sistema**.
Inventar como se comportaría ese sistema de protección e describilo como se se tratase dun xogo con regras: que cousas se poden facer, que cousas non se poden facer, que cousas son convenientes e que cousas non o son.
- Planificación: debuxar o plano dunha pequena cidade para comprobar como o que crea a estrutura son as ideas previas (principios –guía). Os alumnos deben chegar a ver claramente por onde poden pasar as persoas e as cousas e por onde non poden facelo (rúas, beirarrúas, tubaxes, cables, pasos de ceбра, semáforos, etc.)
- Redacción de textos sinxelos nos que se exemplifiquen casos de **solidariedade**, e **igualdade de dereitos**.
- Buscar en Internet o artigo 41 da Constitución Española e comentalo en clase.
- Traballo en equipo para elaborar un cuestionario de seis preguntas sobre estes temas, dirixido a pais e profesores.
- **Cuestionario para os alumnos**
 1. *Como se chama o sistema que protexe aos cidadáns ante a inseguridade da vida?*
 - a) Protección Social
 - b) Seguridade Social
 - c) Acción Protectora
 2. *Que deben facer as persoas para conseguir diñeiro e comprar o que necesitan?*
 - a) pedir un préstamo ao banco
 - b) traballar
 - c) pedirullo ao veciño

3. *Se unha persoa se queda sen traballo, ponse enferma ou é maior que pode facer para estar protexido?*
 - a) pedir na rúa.
 - b) nada.
 - c) solicitar as axudas da Seguridade Social
4. *Quen ten dereito a recibir protección da Seguridade Social?*
 - a) todos os cidadáns
 - b) soamente as persoas traballadoras que achegan parte do seu soldo todos os meses á Seguridade Social para estar seguros e protexidos
 - c) nenos
5. *Como consegue a Seguridade Social a maior parte do diñeiro para dárnolo en forma de axuda ou prestación cando nos fai moita falta?*
 - a) todas as persoas que traballan, en empresas ou pola súa conta, dan unha pequena parte do seu soldo mensual á Seguridade Social
 - b) o Estado dá unha parte dos seus fondos
 - c) pídello aos cidadáns máis ricos e poderosos
6. *Que significa que a Seguridade Social se guía polo principio de universalidade?*
 - a) que intenta protexer a toda a poboación porque todo cidadán ten o dereito a ser atendido
 - b) que viaxa polo universo cun guía
 - c) que busca unha guía do Universo
7. *A Seguridade Social apoia-se no principio de solidariedade, isto significa que*
 - a) todas aquelas persoas solidarias, e só estas, forman parte do sistema da Seguridade Social
 - b) a solidariedade é unha rocha moi forte sobre a que se construíu a Seguridade Social
 - c) todos necesitamos da solidariedade, ou sexa o compromiso de axudarnos uns a outros, e por iso a Seguridade Social se apoia nese principio.
8. *Que é solidariedade entre persoas de distintas xeracións?*
 - a) compromiso de axuda entre persoas de distintas idades
 - b) compromiso de axuda entre amigos
 - c) compromiso de axuda entre traballadores
9. *Que é a solidariedade entre persoas de distintos territorios?*
 - a) compromiso de axuda entre persoas que viven en lugares diferentes do país
 - b) compromiso de axuda entre persoas que teñen distintas necesidades
 - c) compromiso de axuda entre persoas de distintas razas

2 Como protexe a Seguridade Social aos cidadáns?

2.1 Unidades afectadas

Unidade 2. O modelo actual de Seguridade Social.

Unidade 3. Acción protectora e Réxime Xurídico das prestacións.

2.2 Reflexións previas

- A Seguridade Social é un sistema que nos axuda cando estamos enfermos? E cando sexamos maiores?
- En que momentos da vida cres que nos pode axudar a Seguridade Social?
- Sabes o que é a xubilación?
- Sabes o que son as pensións?

2.3 Exposición do profesor

Os cidadáns, que viven en sociedade, teñen dereito a estar seguros e protexidos en moitos casos e situacións. A Seguridade Social existe por unha razón primeira e principal: **a existencia de situacións de necesidade.**

A Constitución Española

Artigo 41. Os poderes públicos manterán un réxime público de Seguridade Social, para todos os cidadáns, que garanta a asistencia e prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade, especialmente en caso de desemprego. A asistencia e prestacións complementarias serán libres

Como consecuencia, as axudas (ou **prestacións**) da Seguridade Social son variadísimas debido á cantidade de necesidades que poden presentarse ao longo da vida dunha persoa.

Imos ver **que clase de axuda se recibe en cada un dos casos.** As axudas chámanse **prestacións** e poden ser de catro clases:

2.3.1 Pensións

Recíbense periodicamente, cada mes por exemplo, e normalmente durante toda a vida.

Caso 1: O avó de Daniel ten 70 anos e acaba de xubilarse, é dicir, deixou de traballar. Aos 65 anos, que é a idade de xubilación, non desexaba abandonar o seu traballo porque lle gustaba moito o que facía (*inventar o máis apropiado para cada exposición*). Puido continuar na súa empresa reducindo unha parte da súa xornada de traballo, isto chámase **xubilación parcial**.

Agora, aínda que non traballa, recibe todos os meses o seu soldo de xubilado. A Seguridade Social dálle un soldo polo que **cotizou**, achegando unha parte das súas ganancias durante anos.

Caso 2: Paloma, a nai de Paula, quedouse viúva. O seu marido tiña unha enfermidade respiratoria dende facía algún tempo e morreu con só 45 anos. Ela ten dereito a recibir unha prestación que se chama **Pensión de viuvez**.

Tamén teñen dereito os fillos, se son menores de dezoito anos, a unha prestación, que, neste caso, se chama **pensión de orfandade**.

(Recoméndase ao profesor ampliar a información falando dos demais casos nos que se recibe esta pensión: ata 22 anos se traballa pero gaña pouco, ata 24 se é orfo absoluto etc. Suxerimos que se realice respondendo a preguntas dos alumnos que suxeriremos coidadosamente, tratando de que se lles “ocorran” a eles a base de poñer exemplos das *necesidades da vida*).

2.3.2 Subsidios

Recíbense durante determinados períodos. As persoas traballadoras poden atoparse nunha situación que lles imposibilite temporalmente acudir ao traballo e na que, ademais, necesiten coidados médicos por enfermidade ou accidente.

Caso 1: Marina, dende fai anos, é profesora de Educación infantil e xogando cos seus alumnos de tres anos tropezou e caeu ao chan, con tan mala sorte que rompeu un brazo. Así que agora ten posta unha escaiola e non pode acudir ao centro onde traballa ata dentro de tres semanas.

Marina obterá o seguinte:

- a) un **subsidio por incapacidade temporal**, ou sexa que a Seguridade Social recoñecería unha cantidade de diñeiro parecida á que ela gañaría se estivese a traballar esas tres semanas (prestación económica).
- b) **terá dereito a ir ao médico as veces que o necesite** para que o seu brazo se poña ben sen ter que pagar un diñeiro por esas visitas ao centro de saúde (asistencia sanitaria).
- c) poderá **comprar os medicamentos**, para aliviar a dor ou rebaixar a inflamación, por moito menos diñeiro do que valen (prestación farmacéutica).

Caso 2: Merche e Andrés tiveron unha nena, Begoña. Divírtelles moito mirala e xogar con ela. Agora que é tan pequeniña, e necesita moito do agarimo e os coidados dos seus pais, queren estar preto dela todo o tempo que poidan; ademais, están un pouco cansos porque pola noite hai que levantarse varias veces para dar de comer ao bebé, que chora cando ten fame, claro.

Merche e Andrés terán estas axudas:

- a) un subsidio por ser nai (maternidade): Merche poderá coidar do bebé e pasar con el os primeiros meses da súa vida; por estar a contribuír con parte do seu soldo mensual á Seguridade Social, terá dereito a estar uns meses en casa, non irá á perruquería onde traballa pero recibirá as súas habituais ganancias.
- b) durante trece días, se é o seu primeiro fillo, Andrés, poderá non acudir ao restaurante, do que é camareiro, e axudar a Merche en casa, coidando ao pequeno ou á pequena. É unha axuda da Seguridade Social por ser pai (paternidade)

2.3.3 Indemnizacións

Axudas económicas que se aboan por una soa vez.

Caso 1: María é azafata no AVE. Servindo comidas no tren lesionouse un pé cun dos carros de bebidas. María podía andar (**lesión permanente non invalidante**), pero non podía estar moitas horas camiñando a toda prisa polos corredores do tren. Non puido seguir co seu traballo de azafata, pero, iso si, recibiu unha **indemnización** pola súa contribución á **Seguridade Social**, e continuou a traballar na mesma empresa, pero realizando tarefas en terra, e non nun tren, máis apropiadas á súa situación.

2.3.4 Prestacións por desemprego

Protexen a todas aquelas persoas que, aínda que queren traballar, perderon o seu emprego por un tempo ou definitivamente.

Teñen dereito a recibir esta prestación todos os traballadores que leven traballando un tempo determinado e contribuíndo coa súa achega mensual. Recibirán esta axuda por un tempo limitado que dependerá dos anos que leven traballando e cotizando.

É o **Servizo Público de Emprego Estatal** quen aboa as achegas de empresa correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social durante a percepción da prestación.

2.4 Actividades

- Elaboración de listas: situacións nas que as persoas, ao longo da súa vida, poden atoparse imposibilitadas para realizar o seu traballo (idade, maternidade, accidente, enfermidade, etc.)
- Exemplificación e descrición dalgunha das situacións enumeradas. Aplicación do tipo de prestación adecuado ao caso.
- Redacción dunha carta a un amigo, que, por ter falecido o seu pai, ademais de estar moi triste, está preocupado pola situación económica en que queda a familia.
- Debate sobre a necesidade ou non desta acción protectora por parte do Estado.
- Traballo en equipo para elaborar un cuestionario de seis preguntas sobre estes temas, dirixido a pais e profesores.
- **Cuestionario para alumnos.**
 1. *Como se chaman as axudas que se reciben da Seguridade Social?*
 - a) hipotecas
 - b) préstamos
 - c) prestacións
 2. *Que son as pensións?*
 - a) unha clase de prestacións que se reciben de forma vitalicia
 - b) lugares de descanso
 - c) prestacións por desemprego

3. *Quen ten dereito a unha pensión de orfandade?*
 - a) os xubilados
 - b) os fillos que quedaron orfos e teñen menos de 18 anos, con carácter xeral.
 - c) os menores de 18 anos
 4. *Que é un subsidio?*
 - a) unha prestación de carácter temporal
 - b) unha prestación vitalicia
 - c) unha prestación social
 5. *En que consiste o subsidio por maternidade?*
 - a) é o recoñecemento médico durante o embarazo
 - b) é a prestación á que se ten dereito durante o período de tempo no que as nais han de coidar aos seus fillos acabados de nacer
 - c) é un bono de transportes para as nais
 6. *Quen ten dereito a un subsidio por incapacidade temporal?*
 - a) os traballadores e traballadoras cando se atopen moi cansos
 - b) toda persoa que contribúe coa súa achega cada mes e sofre un accidente ou enfermidade que non lle permite realizar o seu traballo habitual.
 - c) as persoas en xeral
 7. *Esta axuda por incapacidade temporal é económica unicamente*
 - a) este subsidio consiste en non pagar menciñas
 - b) este subsidio permite conseguir axuda económica, asistencia sanitaria e medicamentos
 - c) esta prestación só é económica
 8. *Como se chaman as axudas económicas que se aboan por unha soa vez para compensar ao traballador, por exemplo, por unha lesión permanente pero que non lle invalida?*
 - a) Indemnizacións
 - b) compensacións
 - c) pensións
 9. *Que nome reciben as prestacións que concede o Servizo Público de Emprego Estatal por ter perdido o posto de traballo?*
 - a) prestacións forzosas
 - b) prestacións a curto prazo
 - c) prestacións por desemprego
 10. *Durante canto tempo se pode estar a recibir unha prestación por desemprego?*
 - a) o tempo durante o cal se está sen traballar aínda que esta situación dure toda a vida
 - b) o tempo máximo durante o cal se pode recibir é de dous anos aproximadamente
 - c) ata que se cumpren os 50 anos de idade
- Posta en común e conclusión que se extrae das respostas ao cuestionario.

3 Hai cidadáns que se atopan sen protección?

3.1 Unidades afectadas

Unidade 3. Acción protectora e Réxime Xurídico das prestacións.

3.2 Reflexións previas

- As persoas que nunca cotizaron teñen algún dereito a recibir axuda cando están moi necesitadas?
- E os traballadores que quedaron hai tempo no paro e, a pesar de estar buscándoo, non puideron atopar traballo?
- As persoas que non poden traballar por enfermidade, idade ou invalidez se non teñen familia con posibilidade de axudarlles, teñen dereito a recibir axuda social?

3.3 Exposición do profesor

Vimos que segundo o artigo 41 da Constitución Española, todos os cidadáns, todos, teñen dereito á **acción protectora** da Seguridade Social e é que esta ten dúas modalidades ou niveis:

1. Protección para os que contribúen, é dicir, modalidade contributiva ou **nivel contributivo** ou profesional.
2. Protección para os que non poden contribuír ou contribuíron insuficientemente. Esta chámase modalidade non contributiva ou **nivel básico** ou asistencial.

Todos os casos dos que antes estivemos a falar (os casos de Marina, Merche e Andrés) son exemplos de situacións que se dan no nivel contributivo, é dicir, as de persoas que achegan á Seguridade Social a parte correspondente do seu soldo mensual.

Imos ver agora casos de persoas que poidan necesitar da acción protectora no seu **nivel básico**, no cal as achegas son do Estado e se reciben a través das distintas entidades xestoras da Seguridade Social: Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), o Instituto Social da Mariña (ISM) e o Instituto de Maiores e Servizos Sociais (IMSERSO), dependente este último do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Existen as mesmas axudas que antes vimos: por xubilación, por maternidade, por enfermidade; e tamén temporais, etc. pero agora o diñeiro necesario procede dos **Orzamentos Xerais do Estado** na súa maior parte, é dicir, dos impostos.

O **nivel básico** así, está pensado para axudar fundamentalmente a esas persoas sen cotizacións nin recursos.

A acción protectora é de **seis clases** e cobre todos os casos que imos ver.

3.3.1 Prestacións sanitarias.

No momento en que a Constitución sinala o dereito á protección da saúde para todos os cidadáns aparece esa importantísima característica das súas prestacións: ser **universalista**, é dicir, que toda a poboación (sen discriminación algunha) pode gozalas

Tamén os estranxeiros, tanto os que residen en España como os que se atopan neste país só por un tempo, teñen dereito a asistencia en caso de enfermidades e accidentes. O mesmo acontece se unha estranxeira embarazada se pon en situación de parto, ten todo o dereito a ser asistida ata que se atope ben.

Aquí pódese poñer o exemplo dos inmigrantes que chegan ás costas españolas aos que se lles presta atención sanitaria e que é un tema tratado frecuentemente nas clases.

3.3.2 Pensións non contributivas

Estas correspóndenlles tanto aos que non achegaron nunca como aos que achegaron pouco e reúnen unhas determinadas condicións. Por exemplo:

- a) os españois residentes en territorio nacional
- b) aos españois residentes no estranxeiro
- c) os españois que regresaron despois de vivir moito tempo noutros países.

Son casos moi especiais? É xusto axudarlles co traballo de todos?

Un exemplo claro son as persoas con enfermidades crónicas como podería ser un asma continuada que non che permite facer esforzos porque te afogas e te cansas moitísimo. A esas, pois, se lles recoñece unha **pensión non contributiva por invalidez permanente**.

Outro caso son aquelas persoas que xa non poden traballar por idade e non teñen ingresos. Nese caso o que obtén é unha **pensión de xubilación** non contributiva. *Se viven entre nosoutros parece un pouco cruel non botarlles unha man os que podemos, non?*

Pero tamén pode ocorrerlle isto a un español que viva no estranxeiro.

Caso 1: Miralles é un amigo do avó de Daniel, que se foi a traballar cando era mozo a un país onde este sistema de protección social non está desenvolvido como en España e non podía volver ao seu país porque aquí non atopaba traballo. Miralles fíxose maior, e desgraciadamente, a súa esposa morreu. El ten 75 anos, non ten fillos e xa non pode traballar pola súa idade.

A Seguridade Social concede a Miralles unha **prestación por razón de necesidade**, por ser ancián, aínda que non viva no seu país de orixe.

Se Miralles quixese e puidese volver a España tamén tería a posibilidade, por dereito, de recibir unha **pensión asistencial de ancianidade** aquí.

3.3.3 Subsidio especial por maternidade

Axuda, en caso de ter un fillo, para todas as mulleres traballadoras aínda que non estivesen a achegar parte do seu soldo o tempo necesario para ter dereito a esta prestación.

3.3.4 Protección familiar

Para familias españolas ou estranxeiras que vivan en España existen:

- a) axudas periódicas (cada mes ou cada tres meses). Son prestacións por ter un fillo menor ao teu coidado ou porque nacese un novo fillo, ou tamén porque se adoptase un.
- b) axudas dun só pago no caso de familias con moitos fillos, ou de familias nas que falte o pai ou a nai, se nace ou se adopta un novo neno. Ou se nace ou se adopta máis dun á vez. Tamén no caso de nais discapacitadas.

3.3.5 Nivel asistencial da protección por desemprego

A axuda neste nivel está destinada a persoas no paro (desempregados) que por diferentes motivos non puideron volver a traballar ou a ter axuda de acordo co outro modelo, ou sexa o contributivo (se o alumno o necesita haberá que recordarlle o que era o nivel contributivo).

O Estado achega unha cantidade para a axuda económica ao desempregado e tamén aboa unha parte á Seguridade Social para protexerlle nas situacións de necesidade.

3.3.6 Servizos Sociais

Se Miralles, o amigo do avó de Dani, do que falabamos antes, volveuse a España, ademais de recibir a súa **pensión e asistencia sanitaria** (para o médico e os medicamentos que necesite), tamén podería beneficiarse duns servizos sociais.

Os servizos sociais, son prestacións que complementan as prestacións económicas e que procuran a mellora das condicións de vida, reducindo as limitacións motivadas pola idade ou discapacidade das persoas

Por exemplo, visitaríanlle na súa casa un traballador social para ver o seu estado de saúde e comodidade, buscaríanlle unha residencia se o necesitase, tamén lle axudarían a ocupar o seu tempo libre se el quixese: vacacións, termalismo, etc.

Hai persoas que traballan nos servizos sociais e pasan bastantes horas coas persoas maiores charlando con eles, escoitando as súas preocupacións, as súas historias e en fin, axudándolles.

3.4 Actividades

- Planificación: imaxinar dous ou tres situacións nas que ao planificar unha festa ou unha excursión algúns dos amigos teñan poucas ou ningunha posibilidade de contribuír e outros, moitas. Conclusión: debate sobre a importancia da solidariedade.

- Busca de información sobre casos e situacións próximas ao alumno que exemplifiquen o exposto polo profesor.
- Busca de información sobre a existencia destas axudas noutros países.
- Redacción de textos coa información obtida.
- Debate sobre a conveniencia ou non conveniencia de que a sociedade-estado se faga cargo destas axudas (nivel asistencial ou non contributivo) á vista da información obtida na actividade anterior.
- Traballo en equipo para elaborar un cuestionario de seis preguntas sobre os temas tratados, dirixido a pais e profesores.
- Posta en común e conclusións que se extraen das respostas ás seis cuestións.

▪ **Cuestionario para alumnos**

1. *En que nivel sitúas os casos de Merche e Andrés, e o de María?*
 - a) no nivel básico
 - b) no nivel contributivo
 - c) no nivel distributivo
2. *En que casos podemos beneficiarnos da Acción Protectora da Seguridade Social no seu NIVEL BÁSICO?*
 - a) cando estamos sen traballo e sen recursos suficientes
 - b) cando cumprimos unha idade determinada.
 - c) nos mesmos casos que no NIVEL CONTRIBUTIVO
3. *Cales son as diferenzas entre os dous niveis?*
 - a) no Nivel Básico as persoas non realizaron achegas á Seguridade Social e no contributivo si as fixeron.
 - b) no Nivel Contributivo é o Estado o que financia as axudas
 - c) nun nivel están os españois e noutro os estranxeiros
4. *As prestacións sanitarias neste nivel son tanto para españois como para estranxeiros?*
 - a) si, sempre que residan en territorio nacional todos teñen dereito a elas
 - b) unicamente teñen dereito a elas as mulleres estranxeiras embarazadas
 - c) as prestacións sanitarias teñen unha característica: son universais. Toda a poboación pode beneficiarse delas
5. *Que é subsidio especial por maternidade?*
 - a) unha axuda para os fillos acabados de nacer se a nai se pon enferma
 - b) un descanso especial dun ano para as nais
 - c) unha axuda especial para coidar aos fillos destinada ás mulleres que non puideron chegar á Seguridade Social durante o tempo necesario
6. *As axudas periódicas ás familias sen recursos nin traballo e con moitos fillos chámanse?*
 - a) prestacións familiares.
 - b) seguro familiar

- c) prestacións sanitarias
 - 7. *Quen ten dereito a unha pensión de xubilación no nivel non contributivo?*
 - a) as persoas maiores que, aínda que non contribuíron o suficiente, viven entre nosoutros e teñen 65 anos.
 - b) as persoas maiores que tiveron que vivir no estranxeiro, non contribuíron e agora residen en España
 - c) as persoas que xa non queren traballar máis
 - 8. *Os traballadores que non atopan traballo, que clase de protección teñen?*
 - a) unha prestación sanitaria
 - b) unha xubilación anticipada
 - c) unha protección por desemprego
 - 9. *Hai tamén “servizos sociais”, no nivel non contributivo?*
 - a) non existen neste nivel
 - b) só para buscar residencia aos anciáns
 - c) si, para vixiar a saúde e o benestar de todas as persoas necesitadas.
- Posta en común e conclusión que se extrae das respostas ao cuestionario.

4 Que tipo de relación se establece entre a Seguridade Social e os cidadáns?

4.1 Unidades afectadas

Unidade 4. Relación Xurídica coa Seguridade Social. Campo de aplicación. Afiliación. Inscripción de empresas. Altas. Baixas. Réximes.

4.2 Reflexións previas

- Como se adquire o dereito de estar protexido pola Seguridade Social?
- Pertécese ao sistema da Seguridade Social só por ser un cidadán cun traballo?
- A Seguridade Social tamén se ocupa dos nenos?
- Como poden pertencer os nenos á Seguridade Social se non traballan?
- Todos os traballadores, empregados e donos de empresa, teñen os mesmos dereitos e obrigas?

4.3 Exposición do profesor

A Seguridade Social é o sistema que resultou de unificar os diferentes seguros sociais que existían antes da súa creación. Formouse e evolucionou a través dunha serie de etapas (consultar Unidade 1. Antecedentes e modelo actual do sistema Español de Seguridade Social). A idea orientadora foi sempre a da **solidariedade** xunto coa de **reparto xusto**.

Agora ben, a Seguridade Social, de acordo coa proclamación de España como un Estado social e democrático de Dereito exposta no artigo 1 da Constitución, tivo dende o principio moi presente que a solidariedade só é eficaz se se organiza e coordina:

- dende o Estado
- a través da Lei
- mediante organismos públicos (entidades xestoras e servizos comúns) que en base ao establecido pola lei determinan quen teñen dereito a axudas, vixían como se dan estas axudas e recollen o diñeiro para pagalas.

Como estamos a falar de servizos públicos ten que quedar clarísimo que son os servizos públicos e que os diferencia dos servizos privados.

Cal é a diferenza entre público e privado?

Entre un cidadán particular e unha empresa privada se establece un contrato, é dicir, o cidadán necesita algo desa empresa, esta llo proporciona e o particular paga á empresa o que acordasen.

Caso: Unha familia quere instalar na súa vivenda un sistema de alarma por se alguén entra a roubar. Chama a unha empresa especializada en alarmas, que lle informa dos prezos, forma e data de instalación e de pagamento. Chegan a un acordo e o resollen entre eles.

En cambio, a relación entre os cidadáns e a Seguridade Social establécese a través da Lei e non dun modo libre no que cada parte (cidadán e Seguridade Social) acorde e pida o que queira:

Todos os cidadáns teñen os mesmos dereitos e a Seguridade Social ten as mesmas obrigas con todos.

Caso: Continuamos co exemplo da familia que quere instalar unha alarma. Se isto fose unha das obrigas da Seguridade Social (QUE NON O É), as condicións da alarma e o prezo serían iguais para todos os cidadáns que estivesen nas mesmas circunstancias de necesidade.

Lembraremos os principios básicos do sistema da Seguridade Social de novo:

- **Contributividade:** proporcionalidade entre o percibido e o achegado.
- **Universalidade:** extensión a todos os cidadáns da acción protectora.
- **Solidariedade interxeracional:** mentres traballamos contribuimos a financiar as pensións actuais.
- **Equidade e igualdade de dereitos,** con independencia do momento e lugar de residencia do asegurado.
- **Suficiencia:** garantía e perfeccionamento dos niveis de benestar mediante prestacións adecuadas.
- **Unidade de Caixa:** o Estado é o único titular de todos os recursos, obrigas e prestacións da Seguridade Social, así todos perciben o mesmo de acordo coa lei.

O resultado é o compromiso de **axudar a toda a poboación** de maneira xusta tanto se se atopa no nivel contributivo, é dicir, se está a contribuír con parte das súas ganancias, como se está, por circunstancias da vida, no outro nivel, o non contributivo.

Como pode saber o Estado se as empresas e os cidadáns están a cumprir as súas obrigas? Como se controla se os traballadores están protexidos?

A afiliación á Seguridade Social consiste en estar incluído no Sistema cando por primeira vez unha persoa realiza unha actividade profesional, é como apuntarse nunha lista para pertencer a un grupo ou organización. Esta lista lévase, e controla, na Tesourería Xeral da Seguridade Social. A afiliación é obrigatoria, única, vitalicia, exclusiva e por ela as persoas suxeítanse a dereitos e obrigas.

A alta é o acto administrativo polo que a TGSS recoñece á persoa que comeza unha actividade a súa condición de incluída no campo de aplicación dun determinado Réxime da Seguridade Social. A alta é obrigatoria e expresa, como a baixa, a situación real dos traballadores en función de que desenvolvan ou non a actividade profesional que os encadra nalgún réxime do sistema.

A baixa é o acto administrativo que determina o cesamento da actividade profesional, pero non se extingue a relación xurídica coa Seguridade Social.

Mentres que a afiliación é única, as altas e baixas poden ser múltiples, sucesivas ou mesmo simultáneas se se desenvolve máis dunha actividade.

A cotización á Seguridade Social é obrigatoria. A obriga de cotizar nace co comezo da actividade. Cotízase, é dicir, o traballador achega parte das súas ganancias, mentres está

en activo e só se extingue a obriga cando se deixa de prestar os servizos e se cursa a baixa. O empresario ou traballador autónomo tamén cotiza.

Cando se está a cotizar e se cumpren certos requisitos, tense dereito ás axudas que ofrece a Seguridade Social de carácter contributivo porque se ten con ela unha relación de protección: aos traballadores afiliados, o Estado recoñécelles a situación de necesidade cando se produce, e proporciona a prestación para satisfacer esa necesidade.

E se o cidadán non se atopa nese nivel contributivo e non está afiliado?

Como xa dixemos, todo cidadán ten dereito á acción protectora da Seguridade Social. Para chegar a ser un “suxeito protexido” hai que estar nunha destas dúas situacións:

1. Traballar e pagar cotizacións e así se ten dereito a prestacións contributivas. Vale para todos os españois residentes en España e para estranxeiros que tamén vivan e traballen en España cumprindo uns requisitos determinados.
2. Reunir unhas condicións de necesidade e falta de recursos previstas na normativa o que dá dereito a prestacións non contributivas.
Vale para os españois residentes en España e para cidadáns hispanoamericanos, portugueses, brasileiros, andorranos e filipinos que residan en territorio español.

E os cidadáns dos outros países?

Depende do que se acordase, entre España e cada un deles, por medio de Tratados e Convenios. Tamén se *actúa ás veces facendo cos cidadáns doutro país o que ese país fai cos nosos. Este é o principio de reciprocidade.*

Existen tamén algúns casos especiais que non se poden enmarcar nos apartados anteriores. Algúns exemplos serían:

- os españois que viven no estranxeiro
- os estranxeiros que viven en territorio nacional (teñen os mesmos dereitos que os españois no nivel contributivo).
- os refuxiados sempre que residan en España legalmente.

A **afiliación** faise para toda a vida e en exclusiva, porque, aínda que se teñan tres empregos en diferentes lugares, a Seguridade Social é única para todas as empresas.

Pensa que, se o traballador non está inscrito nesta lista, e non está afiliado, o sistema non poderá protexelo.

Tanto o empresario, respecto aos seus empregados, como as persoas que traballan por conta propia, teñen que comunicar a súa afiliación á Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se non o fan, a Tesourería farao por si mesma, e os Inspectores de Traballo e Seguridade Social o denunciarán.

Onde e cando hai que afiliarse?

Nas oficinas da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Sempre é mellor acudir á unidade que estea no mesmo territorio que a empresa.

Hai algún documento no que conste que se está afiliado?

Si, o hai. Nese documento figura o número de afiliación que a Tesourería deu a cada traballador e que queda rexistrado nun ficheiro xeral.

E as empresas teñen que inscribirse tamén?

Claro, é importantísimo, porque se non o fan antes de comezar a contratar empregados, non poden dar de alta a ninguén, nin cotizar nin nada, estarían en situación ilegal".

Teñen que inscribirse, presentando toda a documentación necesaria, tamén na Tesourería Xeral, para despois dar de alta aos seus traballadores, aseguralos contra accidentes de traballo e enfermidade profesional e cubrir as prestacións económicas por incapacidade temporal dos seus empregados.

Facendo todas estas cousas os traballadores xa están protexidos polo sistema da Seguridade Social. Ademais, cando se trata de accidentes ou enfermidades que teñen orixe profesional, a Lei Xeral da Seguridade Social dá ás empresas o dereito de elixir asociarse coas chamadas "Mutuas de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais". Se a empresa o elixe, a Mutua asume todas as xestións que hai que facer nestes casos.

Xa falamos de que a Seguridade Social cobre as necesidades das persoas que non poden traballar. Cando se deixa de traballar por enfermidade ou maternidade ou calquera outra causa que estableza a lei, ten lugar o que se chama **alta asimilada**, adóitase dicir que o traballador ou traballadora "está de baixa" na empresa, pero realmente, aínda que hai un cesamento na súa actividade laboral, a súa relación coa Seguridade Social continúa xa que a acción protectora se pensou, precisamente, para esas situacións de necesidade.

Se un suxeito se atopa nunha situación na que debería estar protexido e a alta non existe, a lei considera que está en **alta de pleno dereito** e será atendido en caso de accidente de traballo e non laboral, enfermidade profesional ou común, desemprego e maternidade

A afiliación é única e o número de afiliación é o mesmo para sempre, en cambio as altas e as baixas poden ser moitas, sucesivas ou mesmo simultáneas se se desenvolve máis dunha actividade.

O nivel contributivo do sistema da Seguridade Social organízase **en varias clases de réximes. Segundo a actividade profesional que exercen as persoas pertencerán a un réxime ou outro.**

4.3.1 Réxime xeral

É o máis importante do sistema da Seguridade Social e a súa normativa de protección é a que se toma como modelo.

Está composto polos traballadores por conta allea da industria e os servizos, maiores de 16 anos, sen distinción de sexo, estado civil ou profesión, e xa sexan traballadores a domicilio, eventuais, de tempada ou fixos, mesmo descontinuos.

A maioría dos traballadores atópanse dentro deste réxime xeral.

A enumeración detallada pode buscarse no artigo 97.2 da LGSS.

4.3.2 Réximes especiais

Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos

Inclúe con carácter xeral aos traballadores maiores de 18 anos que, de forma habitual, persoal e directa, realizan unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo e aínda que utilicen o servizo remunerado doutras persoas.

Réxime especial agrario

Inclúe aos traballadores por conta allea, maiores de 16 anos, que de forma habitual e como medio fundamental de vida realicen labores agrícolas, forestais ou pecuarias.

Réxime especial de traballadores do mar

Comprende tanto aos traballadores por conta allea como por conta propia que se adican á realización de actividades marítimo pesqueiras.

Réxime Especial da Minería do Carbón

Establecido para traballadores por conta allea que prestan os seus servizos en empresas que desenvolvan actividades relacionadas coa minería do carbón.

Réxime Especial de Empregados do Fogar

Para traballadores que desenvolvan labores exclusivamente domésticas, para un ou varios titulares do fogar familiar.

4.4 Actividades

- Distinción entre servizos privados e públicos:
 - Expoñer as diferenzas entre unha piscina pública e outra que se atope nunha casa particular.
 - Clasificar os seguintes servizos en públicos ou privados: Biblioteca municipal, Banco Santander, Antena 3, TVE, Hospital La Paz, Clínica Ruber, Policía Nacional, IES Gerardo Diego.
- Busca de información sobre mutuas.
- Debate sobre os dereitos e obrigas dos cidadáns en relación coa Seguridade Social: afiliación, inscrición, altas e baixas, cotización, obtención de prestacións, pensións, subsidios, etc.
- Elaboración en equipo dun cuestionario de seis preguntas sobre os temas tratados, dirixido a pais e profesores.
- Posta en común e conclusións que se extraen das respostas a estas seis cuestións.
- **Cuestionario para os alumnos**
 1. *Cando é eficaz a solidariedade que busca a Seguridade Social?*
 - a) cando se organiza e coordina dende o Estado
 - b) cando se organiza e coordina a través da lei
 - c) cando se organiza e coordina dende o Estado, a través da Lei e mediante organismos públicos

2. *Como se establece a relación entre a Seguridade Social e os cidadáns?*
 - a) a Seguridade Social chega a un acordo particular e diferente con cada un a través da Lei, que é igual para todos
 - b) a Seguridade Social pon anuncios na TV para que os cidadáns contraten os seus servizos
 - c) O cidadán, mediante a afiliación, entra en relación coa Seguridade Social.
3. *Quen é o único titular dos recursos, obrigas e prestacións da Seguridade Social?*
 - a) A TGSS é a titular da Caixa Única da Seguridade Social, baixo a vixilancia e tutela do Estado
 - b) o Rei
 - c) o Banco de España
4. *Como pode verificar o Estado que os cidadáns cumpren as súas obrigas para estar protexidos pola Seguridade Social?*
 - a) mediante a inscrición das empresas e a afiliación dos traballadores no rexistro da Tesourería Xeral
 - b) apuntando a todas as persoas á Seguridade Social no momento do seu nacemento
 - c) vixiando á totalidade da poboación mediante un servizo de detectives privados
5. *Que características especiais ten a afiliación á Seguridade Social?*
 - a) é obrigatoria, é a mesma para toda a vida, é única e exclusiva
 - b) é obrigatoria e temporal
 - c) é obrigatoria e pode realizarse cada vez que unha persoa cambia de emprego
6. *Onde hai que inscribirse e afiliarse?*
 - a) no Banco
 - b) na propia empresa
 - c) na Tesourería Xeral da Seguridade Social
7. *Se en determinado momento da súa vida o cidadán non se atopa no nivel contributivo ou profesional senón no asistencial, está afiliado?*
 - a) se o estivo unha vez o estará sempre, a afiliación é de por vida
 - b) perde a afiliación se perde o traballo, aínda que sexa temporalmente
 - c) algúns cidadáns non teñen dereito a afiliación
8. *Hai algunha maneira de saber que se está afiliado?*
 - a) si, o número de afiliación queda anotado no rexistro da Tesourería Xeral e figura nalgúns documentos do traballador e da empresa
 - b) si, no D.N.I.
 - c) si, na lista de teléfonos da empresa
9. *Que é o Réxime xeral da Seguridade Social?*
 - a) aquel no que se atopan agrupados os traballadores do campo, montes e bosques
 - b) aquel no que se atopan a maioría dos traballadores españois, dentro e fóra do territorio español

- c) é o que está composto pola maioría dos traballadores: traballadores por conta allea da industria e os servizos, maiores de 16 anos, de calquera profesión, estado ou sexo e tanto se traballan a domicilio, fixos, temporais ou mesmo descontinuos

10. *Existen outros réximes ademais do Réxime Xeral?*

- a) si, chámanse réximes específicos
 - b) si, son réximes para mozos que estudan e traballan lonxe das súas cidades
 - c) si, so os réximes especiais, por exemplo: autónomos, traballadores que realicen labores agrícolas, traballadores en empresas relacionadas coa minería, empregados do fogar, etc.
- Posta en común e conclusión que se extrae das respostas ao cuestionario.

5 Como obtén a Seguridade Social o diñeiro para ofrecer e proporcionar a súa axuda?

5.1 Unidades afectadas

Unidade 5. Financiamento. O orzamento da Seguridade Social.

Unidade 6. Cotización

5.2 Reflexións previas

- De onde pensas que provén o diñeiro que necesita a Seguridade Social para pagar pensións ou prestacións?
- É conveniente aforrar diñeiro, cando te sobra un pouco, para logo utilizalo en caso de necesidade?
- Crees que os cidadáns achegan algo de diñeiro para que exista unha Seguridade Social para todos?

5.3 Exposición do profesor

As prestacións da Seguridade Social son para un grandísimo número de cidadáns, por non dicir para toda a poboación, posto que todos as necesitamos ou as necesitaremos nalgún momento da vida. Por este motivo o custo económico destas prestacións é altísimo e é totalmente necesario un control para que todos os cidadáns cumpran coa súa obriga de cotizar.

Se todos os cidadáns cumpren coa súa obriga conseguirán, igualdade de trato e solidariedade para todos porque é o Estado unicamente o que se vai encargar do **reparto** deses fondos que se van facendo coas achegas de todos os traballadores e empresarios.

5.3.1 Ingresos da Seguridade Social

Metáfora dos ríos - Principais ingresos da Seguridade Social.

Para entendelo podemos imaxinar o seguinte: a Seguridade Social tería unha cantidade de diñeiro que sería algo así como un enorme lago, no que verten as súas augas varios ríos, uns grandes, outros pequenos.

O río maior, do que o lago se alimenta, é o formado polas achegas das persoas obrigadas a cotizar: traballadores e empresarios.

Outro río máis pequeno é o que se enche cos fondos que o Estado pouco a pouco va subministrando.

O “río” da cidadanía nace do traballo de cada un pero, e o “río” do Estado, con que se alimenta?

O Estado recada diñeiro por medio dos tributos, tanto cos impostos directos, que se pagan periodicamente e en proporción ao que cada un ten, como cos impostos indirectos (o máis coñecido, o IVE).

Eses impostos poderían ser algo así como un manancial subterráneo moi grande que orixinase o nacemento do río porque, co cobro dos tributos, o Estado pretende conseguir que as rendas dos contribuíntes volvan repartirse. A Seguridade Social, coas súas actividades de protección e axuda, participa desta redistribución ou novo reparto.

Un terceiro río, moito máis pequeno, se formaría co diñeiro que vén das multas e recargas que teñen que pagar as persoas ás que se avisa de que se lles esqueceu pagar as súas cotas á Seguridade Social e, a pesar do aviso e do prazo que teñen, tardan moito en ingresar o que deben.

Estas son, pois, as fontes **principais de ingresos que ten a Seguridade Social**.

Así, estes ingresos serven para financiar os dous niveis de prestación comentados con anterioridade:

- **Nivel contributivo** ou de protección (co que os cidadáns achegamos, sen recorrer aos fondos do Estado).
- **Nivel non contributivo ou asistencial**. (cos fondos do Estado).

5.3.2 Cotización vs. Prestación

Temos que deixar moi clara a relación que hai entre **cotización** e **prestación**. É dicir, entre o que se achega e a axuda que se pode recibir.

Diciamos que o río que máis caudal achega ao Gran Lago da Seguridade Social é o das cotas ou cantidades de diñeiro entregadas polos traballadores e empresas que forman parte da Seguridade Social.

Os alumnos deben ter xa asimilados os seguintes conceptos sinxelos:

- En xeral, sen cotizacións non hai protección. *Aínda que existe a protección non contributiva que tratamos con anterioridade.*
- As persoas con maior soldo cotizan unha maior cantidade á Seguridade Social, e a longo prazo, recibirán unha mellor pensión.
- Logo a maior esforzo máis compensación no futuro.

Estes conceptos sinxelos deben servir para facer fincapé tamén nas excepcións, por exemplo, a protección non contributiva, co fin de que quede clara a diferenza entre cotización e prestación posto que **todos temos os mesmos dereitos a ser axudados e protexidos**.

Hai traballos totalmente diferentes e por iso é difícil establecer normas iguais para todo tipo de ocupacións: mariñeiros, traballadores do campo ou das minas, empregados do fogar, etc. A isto débese a existencia de todos eses réximes especiais e tamén a diferenza entre as cotizacións ou achegas de cada un deles.

O sistema da Seguridade Social é un **sistema de reparto**, é dicir, o que agora se recada ou ingresa das cotas de traballadores e empresarios, serve para pagar as pensións actuais (por exemplo, o traballo do meu pai serve para pagar a pensión de xubilación do meu avó ou a de orfandade do meu amigo).

Pero se falamos da contía que podemos recibir, iso xa vai depender do que achegásemos á Seguridade Social.

Exemplo para alumnos:

Descubrides unha tarde que abriron unha xeadaría nova preto do parque, todos os amigos poñedes o que atopades no peto nese momento e co diñeiro recadado comprades xeados para todos e os repartides por igual, ou non? A ver, se o teu amigo Xavi, xusto ese día non ten nada no peto, non toma xeados?

Asociación de ideas:

Río ou fonte de financiamento: as cotizacións, diferentes, de todos os amigos

Gran Lago S.S: o diñeiro reunido.

Árbores e plantas nas beiras: as prestacións que aparecen e se reparten: os xeados!!!

A Seguridade Social paga as axudas que se inclúen no NIVEL CONTRIBUTIVO co que os cidadáns achegamos, sen recorrer aos fondos do Estado. O Estado, pola súa parte, encárgase do NIVEL asistencial ou NON CONTRIBUTIVO, ou sexa, das axudas aos cidadáns que non puideron cotizar.

Cada Comunidade Autónoma ten o seu propio sistema de financiamento para cubrir a asistencia sanitaria e os servizos sociais

Existen distintas formas ou sistemas de financiamento?

Así é, hai varias técnicas financeiras para cubrir o que custa a acción protectora da Seguridade Social. Acordádevos de que maneiras vimos que podía financiarse o aluguer dunha “peli” e unha merenda.

Hai unha técnica que consiste en “**capitalizar**”. Vaise formando un “capital” co que cada un achega de tal forma que ao final cada un ten a súa conta particular. Por exemplo, para organizar una merenda xigante ao acabar o curso, un de vosoutros se encarga de recoller todos os meses as cantidades que cada un dá, o que quere ou pode, e ponas alí nun sobre co seu nome, nese sobre está o capital particular de cada un, ademais, os vósos pais os premian poñendo un euro cada vez que no voso sobre hai 10 euros, o voso capital aumenta. Ao chegar o día, mirades o voso sobre e decidides que poñedes para a merenda, se todo o que recadastes ou unha parte que sexa a mesma que poñen todos, e o resto gardádesvolo.

Outra técnica é a do **reparto**, non hai contas particulares, vanse repartindo as axudas segundo se recollen as achegas, sen gardalas, logo todo é para todos por igual, tampouco con este sistema, os “sobres” particulares aumentan, porque o diñeiro non se garda senón que está en distribución e recadación constante. **Esta forma de financiamento está máis de acordo co propósito da Seguridade Social de ser SOLIDARIOS**

Lembremos os conceptos de solidariedade interxeracional, interterritorial e entre todos os cidadáns

O **reparto** impón sacrificios aos mozos respecto dos maiores; aos sans respecto dos enfermos; aos ocupados respecto dos desempregados; aos vivos respecto das familias

dos falecidos; aos que teñen cargas familiares respecto dos que non as teñen; e, en fin, aos que realizan actividades prósperas e en auxe respecto dos sectores deprimidos.

En xeral, as cotizacións que proceden dos residentes nun territorio ou territorios do país compensan a situación máis desfavorable en que se poida atopar outro territorio nun momento concreto.

Esta **solidariedade entre territorios** parte do concepto de **caixa única**, é dicir, as cotizacións recadadas en todo o territorio nacional serven para financiar as prestacións de todos os españois.

Este sistema de Seguridade Social, é impensable sen a idea de solidariedade interxeracional, interterritorial e entre todos os cidadáns.

A igualdade de todos os españois ante a Seguridade Social será efectiva:

- se as cotizacións que se van realizando ao longo do tempo e en calquera parte do territorio nacional serven para satisfacer todas as prestacións en calquera parte en que se necesiten,
- se teñen o mesmo importe e se esixen por igual en cada Comunidade Autónoma, e,
- se a normativa sobre afiliación, inscrición, altas e baixas e prestacións é uniforme, é dicir, igual para todos os cidadáns e se cumpre tamén por igual.

5.3.3 Orzamento

A Seguridade Social elabora cada ano o seu ORZAMENTO para o ano seguinte.

Que significa?

É a forma de expresar, en cifras e ordenadamente, os ingresos (dereitos) e os gastos (obrigas) que se calcula que vai ter a Seguridade Social ao longo dun tempo determinado, normalmente un ano, na realización da acción protectora.

Pode saberse a cantidade de diñeiro necesaria para cumprir todos os obxectivos dos que estivemos a falar?

Esta cantidade pódese coñecer consultando os Orzamentos Xerais do Estado (http://www.sgpg.pap.meh.es/SGPG/Cln_Principal/Presupuestos/) do ano en curso.

Como se ordenan todas esas cifras e operacións para que os que as examinan poidan ver os resultados con claridade?

Do mesmo xeito en que se pide que os alumnos de Matemáticas presenten a resolución dos problemas: ordenadamente, sen mesturar os datos, clasificando, se, por exemplo falamos do percorrido dun tren e o que tarda en facelo, distancias a un lado e tempos a outro. no caso dos Orzamentos, por unha parte sitúanse os Gastos e noutra os ingresos.

Quen o elabora e supervisa? Como o fai?

- Todos os anos a finais de maio publícase unha Orde Ministerial e nela se sinalan as normas para elaborar un primeiro proxecto de Orzamentos da Seguridade Social no prazo de vinte días.
- A continuación, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social refunde o proxecto que fixo a Tesourería Xeral cos que presentaron as outras entidades.

- Envíase ao Ministerio de Economía e Competitividad e de aí pasa ao Goberno, para que o aprobe e o inclúa no proxecto de Orzamentos Xerais do Estado.
- Cando o Consello de Ministros o aprobou envíase ás Cortes Xerais antes do día un de Outubro e se anexan os documentos de todas as contas da S.S. do ano anterior.
- Nas Cortes tramítase como unha Lei máis. Primeiro o pleno do Congreso dos Deputados votará a súa admisión xenérica ou as emendas á totalidade presentadas polos grupos parlamentarios, que de prosperar supoñen a devolución do texto íntegro ao Goberno. Superado ese trámite estúdanse as emendas parciais cuxa capacidade de modificación do texto está suxeita á non alteración do equilibrio orzamentario, primeiro polas comisións existentes e logo sometidas ao pleno do Congreso. Unha vez aprobado o texto nesta Cámara pásase ao Senado, onde se fai unha segunda lectura, que é aproveitada polos grupos parlamentarios para introducir modificacións que non se puideron propor na fase anterior, pero tendo en conta que as posibilidades de alteración son moi limitadas. Aprobado no Senado volve ao Congreso para unha última votación e aprobación do texto definitivo.

Este proceso terá que finalizar, incluída a publicación do texto no B.O.E., antes do 31 de decembro.

5.4 Actividades

- Elaboración de orzamentos: estudar detalladamente o diñeiro que se necesitaría para unha festa de final de curso na cal van obter premios, que hai que incluír nos gastos, os mellores bailaríns e os mellores intérpretes de cancións.
- Estudo do sistema de financiamento: busca de posibles “fontes”, de onde sacamos o diñeiro?
- Debate: preferimos capitalizar, posto que temos un curso por diante, ou repartir, porque os gastos para a gran festa van ir xurdindo dende este momento e non só ao final?
- Textos: as vantaxes, materiais e inmateriais, e inconvenientes do reparto solidario.
- Busca de información sobre orzamentos da Seguridade Social na web.
- Elaboración dun cuestionario para pais e profesores sobre cales deben ser as fontes de financiamento da Seguridade Social
- Posta en común e conclusións sobre o que responderon os anteriores.
- **Cuestionario para alumnos**
 1. *De onde proveñen os ingresos da Seguridade Social?*
 - a) o Estado proporciónallos
 - b) do Estado unha parte, outra das cotas dos que cotizan á Seguridade Social, outra do recadado por recargas e multas
 - c) de capital estranxeiro
 2. *Como intenta o Estado que as rendas dos contribuíntes se redistribúan adecuadamente?*
 - a) cobrando impostos ou tributos

- b) axudando á Seguridade Social no financiamento da súa actividade protectora para toda a poboación, aínda que uns coticen e outros non
 - c) mediante sorteos semanais con moitos premios
 - 3. *Cal dos tres modelos ou formas de financiamento máis utilizadas supón maior colaboración e solidariedade de todos con todos?*
 - a) capitalización
 - b) reparto
 - c) préstamo
 - 4. *En que consiste o orzamento da Seguridade Social?*
 - a) é a forma de expresar en cifras os gastos e os ingresos que se calcula que este sistema terá durante un período de tempo (o ano seguinte)
 - b) é unha cifra que nos indica o que ten o Estado reservado para darlle á Seguridade Social
 - c) é a cantidade de diñeiro destinada a axudas sanitarias
 - 5. *Cando se presenta o plan de gastos e ingresos ao Congreso para ser aprobado, que medida se utiliza para que o orzamento poida entenderse con claridade?*
 - a) estrutúranse situando a un lado os gastos e ao outro os ingresos cos que se van cubrir eses gastos
 - b) primeiro escríbense os gastos clasificados segundo para que se destinen e despois os ingresos clasificados por orde de “chegada”
 - c) non se fai sempre igual, depende de quen elabore o orzamento
- Posta en común e conclusión que se extrae das respostas ao cuestionario.

6 Que medios de relación co cidadán ten a Seguridade Social?

6.1 Unidades afectadas

Unidade 7. Servizos e medios para relacionarse coa administración da Seguridade Social.

6.2 Reflexións previas

- Como nos poñemos en contacto coa Seguridade Social?
- Hai oficinas da Seguridade Social?
- Pódense facer consultas por teléfono? E por Internet?
- Como se pode dicir o que nos gusta ou se pode mellorar?

6.3 Exposición do profesor

6.3.1 Atención telemática

Dende o ano 2002, a Seguridade Social ten a súa páxina Web www.seg-social.es que está en permanente desenvolvemento e evolución, incrementando paulatinamente a oferta de servizos electrónicos.

Dende a páxina, pódese acceder a tres seccións diferenciadas segundo o público ao que van dirixidas:

- Traballadores
- Pensionistas e
- Empresarios.

É moi interesante tamén a sección "Formularios e modelos" porque aí pódense atopar os distintos formularios que hai que cubrir para relacionarse coa Seguridade Social.

Se estamos despistados sobre como acceder aos servizos da Seguridade Social, o mellor é que busquemos na sección chamada "Trámites e xestións". Para pedir información xeral convén ir a "Consultas".

A páxina Web pode consultarse en todas as linguas que se falan en España (linguas oficiais do Estado) e ademais en inglés e en francés.

Polo gran esforzo que se fixo para que todos os cidadáns tivesen facilidade para acceder a ela, conseguiu no ano 2005 o premio TAW á accesibilidade Web.

Atopamos tamén na páxina, a sección "SEDE ELECTRÓNICA" www.sede.seg-social.gob.es que é como un lugar no que te seguen atendendo de forma similar a como o fan nas oficinas e no que se poden facer xestións. Incorporouse tamén o acceso ao Rexistro electrónico que permite ao cidadán a presentación vía telemática de solicitudes, escritos e comunicacións relativos aos trámites dispoñibles actualmente na Sede. Ademais, publicouse o Taboleiro de Edictos e Anuncios e habilitouse o Servizo de

Notificacións Telemáticas Seguras para a xestión das notificacións telemáticas entre os Organismos ou Entidades da Seguridade Social e as empresas e cidadáns. Por outro lado, o acceso aos servizos do sistema RED e cesión de datos para Administracións Públicas mantense dende a páxina web.

Para algúns destes servizos, ás veces, é necesario un Certificado Dixital, é como un *Carné de Identidade*, ou o DNI electrónico. Cando todos teñamos un DNI electrónico xa non será necesario este Certificado. Trátase de que ninguén poida utilizar os servizos persoais agás un mesmo: hai **informacións confidenciais que só interesan ao que as solicita**.

De todas formas, se se solicita un informe e non se dispón de certificado dixital, débese facilitar certa información para comprobar a identidade do solicitante, e envíase ao seu domicilio. Non obstante se se dispón do certificado dixital, facilítase a información directamente en pantalla e pódese imprimir en casa.

As tecnoloxías da información e as comunicacións permítennos evitar as esperas e desprazamentos. Ademais permiten que persoas con problemas de mobilidade ou que viven en lugares afastados estean agora nas mesmas condicións que as demais persoas, permítelles integrarse na vida social, cultural e do traballo.

Que é o Sistema RED?

O Sistema RED (Remisión Electrónica de Documentos) é un servizo que permite o intercambio de documentos e información entre a TGSS e as empresas a través de Internet. Facilita moito o traballo das empresas, ao permitir enviar os documentos de cotización, afiliación e partes médicos de alta e baixa dos seus empregados a calquera hora do día e sen ter que moverse da oficina ou despacho.

6.3.2 Atención telefónica

Estes servizos axúdannos a realizar xestións e a informarnos por medio da comunicación telefónica, sen ter que desprazarnos.

Se chamamos, á TGSS por exemplo, 901 50 20 50, comprobaremos que nos dan a elixir entre 4 posibilidades:

- Opción 1: Solicitud de Informes de Vida Laboral.
- Opción 2: Sistema Red (Remisión Electrónica de Documentos).
 - 2.1. Incidencia certificado dixital, instalación de sóftware e comunicacións.
 - 2.2. Incidencias partes de Incapacidade Temporal.
 - 2.3. Consultas ou información.
- Opción 3: Información xeral da TGSS.
- Opción 4: Información ou consultas sobre Campañas de Vida Laboral e Bases de Cotización.

O teléfono gratuíto 900 16 65 65, para información xeral e persoal, pertence ao INSS, ten un horario de atención de 9:00 a 14:00 de Luns a Venres e de 16:00 a 18:00 de Luns a Xoves. Pódese chamar dende calquera lugar.

Cando o servizo é telefónico, nas oficinas comprobamos a identidade do que chama e despois lle dan a información. Se hai que enviarlle documentación compróbanse ben os datos do seu domicilio.

6.3.3 Atención presencial

A experiencia que ten a Seguridade Social en atender ao público permítelle ver que os cidadáns piden:

- que se lles atenda con rapidez
- que o asunto se resolva en pouco tempo
- que se lles trate con eficacia e amabilidade atendendo ao seu caso particular

Xa que a Administración considera fundamental o trato que se ofrece ao cidadán, a Seguridade Social está a intentar adaptar a súa estrutura e organización aos novos retos que se lle propoñen, busca modernizar os servizos, mellorar a súa calidade e ampliar o número de centros de atención para que todos os cidadáns teñan un preto do seu domicilio e potenciar os servizos electrónicos.

Como resultado da colaboración entre as Entidades Xestoras e Servizos Comúns da Seguridade Social creáronse as Oficinas **Integrais da Seguridade Social** que agrupan nunha mesma oficina, todos os servizos da Seguridade Social.

Outro factor moi importante ao falar da **calidade do servizo é o humano**, é dicir, as persoas que traballan atendendo ao cidadán:

- porque os coñecementos que deben ter estas persoas son moi técnicos e específicos.
- porque tamén deben ter habilidade para tratar co público, amabilidade, tranquilidade, bo carácter, paciencia e saber poñerse no lugar de cada un e entender a súa situación e dificultades (habilidades emocionais e sociais).

Para iso, sempre están a recibir información.

Os cidadáns poden tamén facer algo para axudar a mellorar estes servizos?

Poden colaborar a través de:

- Enquisas e cuestionarios
- Suxestións e consultas nas caixas de correo
- Suxestións e queixas

Nunca o facemos, dános preguiza, seguramente cremos que non serve para nada. Pero non se perde nada por intentalo.

Nas zonas de atención ao público atopamos cuestionarios de avaliación. Os comentarios, suxestións e opinión dos cidadáns sobre a atención que a Seguridade Social lles presta son importantísimos para que o sistema vaia mellorando.

As Entidades teñen Cartas de Servizos que son documentos nos que se establecen os servizos que se ofrecen aos cidadáns, xunto cos compromisos de calidade e medidas dirixidas a mellorar os servizos de atención e axuda ao público da Seguridade Social como son:

- Asegurar a igualdade entre homes e mulleres
- Eliminar barreiras arquitectónicas para que as persoas con problemas de mobilidade accedan facilmente ás oficinas.
- Preservar as boas condicións ambientais
- Crear contornos adecuados tanto material como espacialmente

6.4 Actividades

- Elaboración de listas de cousas que se te ocorra que poderían mellorar o sistema da Seguridade Social e que depositarías nas caixas de correo de suxestións.
- Busca de documentación: entrar na páxina web (www.seg-social.es) e conseguir información sobre pensións ou servizos virtuais.
- Visita en grupo a algún centro de atención ao público da Seguridade Social
- Textos: redacción detallada sobre o que se observase na visita.
- Traballo en equipo: elaboración dun cuestionario sobre os medios de contacto máis utilizados para resolver asuntos relacionados coa Seguridade Social.
- Consulta a pais e profesores tomando como base o cuestionario elaborado. Están conformes coa atención que reciben?
- Posta en común: comentar e organizar os resultados obtidos.
- **Cuestionario para alumnos**
 1. *Cales son os medios da Seguridade Social para atender ao cidadán?*
 - a) atención telemática, telefónica e presencial
 - b) atención sanitaria, telefónica e persoal
 - c) atención vía satélite, total e sincronizada
 2. *A que canle pertence a Sede Electrónica?*
 - a) á telemática
 - b) á telefónica
 - c) á persoal
 3. *Que documento é necesario para obter a información directa por pantalla na oficina virtual?*
 - a) o D.N.I.
 - b) o D.N.I. electrónico
 - c) unha tarxeta Visa
 4. *Para que serve a área de descarga da oficina virtual?*
 - a) para descargar xogos
 - b) para descargar os formularios que hai que encher nos distintos casos
 - c) para pedir información a través da caixa de correo de consultas
 5. *Pode calquera cidadán contribuír a mellorar os servizos que presta o sistema da Seguridade Social?*
 - a) Si, a través de enquisas, cuestionarios, queixas, suxestións e consultas
 - b) Si, pero non é doado atopar a maneira de colaborar
 - c) Non, o que hai non se pode mellorar